

7. ANEXO VII

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
* MP0229. Formación e orientación laboral.	* MP0229_12. Prevención de riscos laborais.	45
	* MP0229_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguranza social, e procura de emprego	62

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 1 de outubro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convoca o programa de escolas abertas de teleformación 2008 destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior, inmigrantes extracomunitarios e membros de asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

O Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral de Emigración como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as competencias en política de retorno e inmigración en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias deriven.

Dentro deste ámbito competencial, a Secretaría Xeral de Emigración desenvolve actuacións de reforzamento dos vínculos sociais e culturais cos emigrantes galegos e os seus descendentes residentes fóra de Galicia, actuacións tendentes á integración social, laboral e cultural dos inmigrantes extracomunitarios con residencia legal en Galicia, así como de apoio e dinamización das entidades que traballan a prol destes colectivos.

A formación en liña é un instrumento esencial para a participación da cidadanía galega no exterior na vida social e cultural de Galicia dun xeito normalizado. Igualmente é unha ferramenta moi útil para a formación e especialización da poboación inmigrante, proporcionándolles coñecementos que contribúan a facilitar a súa total integración na sociedade galega. Así mesmo, esta teleformación pode ser aproveitada polas entidades que traballan na integración da poboación retornada e inmigrante como medio que lles facilite o desenvolvemento das actuacións que neste sentido levan a cabo.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de acordo co establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade e en uso das

facultades que a Secretaría Xeral de Emigración ten atribuídas, logo de informe da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Primeiro.-Esta resolución ten por obxecto convocar os distintos cursos de teleformación previstos dentro do programa Escolas Abertas 2008, dirixidos, en función do seu contido, aos cidadáns galegos residentes fóra de Galicia e os seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade, así como a inmigrantes extracomunitarios con residencia legal en Galicia ou integrantes de asociacións de retornados e inmigrantes radicadas en Galicia e entidades sen ánimo de lucro que traballan na integración da poboación inmigrante en Galicia e integrantes de entidades ou centros galegos no exterior que estean inscritos no directorio de centros galegos no mundo que aparece no portal da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com>.

Segundo.-Os cursos convocados dentro das Escolas Abertas de teleformación 2008 son os sinalados a continuación:

-Word básico: 60 prazas.

-Xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Subvencións e axudas públicas: 60 prazas.

-Novas tecnoloxías (Tic): 60 prazas.

-Deseño gráfico: 60 prazas.

-Educación para a cidadanía: 60 prazas.

-Políticas sociais para a igualdade de xénero e accións positivas: 60 prazas.

Para a celebración dun curso será necesaria a admisión, como mínimo de 15 alumnos. Cando as prazas dun curso non se cubran na súa totalidade ou non se acade o número mínimo de admitidos, poderán incrementarse o número de prazas dos restantes cursos ou ben procederse á apertura dun novo prazo público na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

Igualmente, o número inicial de 60 prazas por curso poderá ser ampliado en función da evolución desta convocatoria dentro das dispoñibilidades da secretaría xeral.

En todo caso, o número definitivo de prazas por curso será anunciado coa antelación suficiente no portal

da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com>.

As bases, características, destinatarios e contido de cada un dos cursos programados son detallados nos anexos desta resolución.

Terceiro.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO I

Bases

Primeira.-*Requisitos dos participantes.*

1. Poderán participar en todas as accións formativas convocadas por esta resolución:

-Os cidadáns galegos e os seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade residentes fóra de Galicia.

-Os inmigrantes extracomunitarios con residencia legal en Galicia.

2. No curso «Xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Subvencións e axudas públicas» poderá participar, ademais, calquera outra persoa que pertenza e realice actuacións obxecto do curso en:

-Asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes radicadas en Galicia ou en entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións de incorporación da poboación retornada e inmigrante en Galicia.

-Entidades ou centros galegos no exterior que estean inscritos no directorio de centros galegos no mundo dispoñible no portal da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com>.

As persoas solicitantes deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

-Ordenador con conexión á internet.

-Calquera navegador web co *plugin* de flash.

-Conta de correo electrónico especificada na solicitude.

Segunda.-*Acceso ás actividades e datas de realización.*

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información

será actualizada e ampliada na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com>.

Terceira.-*Solicitudes.*

As persoas que desexen participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible no portal da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com>, de acordo co disposto na base 4ª deste anexo, non sendo admisibles outros modelos de solicitude.

As solicitudes unha vez validadas e impresas deberán ser asinadas polos solicitantes e seren remitidas á Secretaría Xeral de Emigración (Os Basquiños, nº 2, 15704 Santiago de Compostela-A Coruña), preferentemente mediante correo electrónico, previamente escaneadas, ao enderezo entidadesgalegas@xunta.es ou vía fax (00 34 981 95 73 99). Tamén poderán ser presentadas mediante calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre os que se atopan as oficinas de correos.

O prazo, tanto para cubrir e validar os formularios, como para a presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Aquelas persoas que validen correctamente o seu formulario de solicitude pero non a presenten mediante calquera dos medios establecidos no parágrafo anterior dentro do indicado prazo, serán excluídas por considerarse presentada a súa solicitude fóra de prazo para o que se ditará a correspondente resolución.

Se o último día do prazo fose sábado ou día inhábil o prazo rematará ao primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do seu documento nacional de identidade, pasaporte en vigor ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade do solicitante.

-Os cidadáns galegos e os seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade residentes fóra de Galicia deberán presentar a documentación xustificativa que acredite a súa condición de galego ou ascendencia galega así como a súa residencia fóra de Galicia.

-No suposto de inmigrantes extracomunitarios, tarxeta de identidade de estranxeiro en vigor.

No caso do punto 2 da base primeira, ademais da documentación anterior que proceda, deberá presentarse certificación do secretario da entidade co visto e praxe do presidente, na cal conste que a persoa que solicita o curso pertence á asociación, entidade ou centro galego que corresponda e realiza actuacións obxecto do curso solicitado.

O número máximo de cursos en que se pode solicitar participar nesta convocatoria limítase a tres.

A presentación da solicitude implica o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus

datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Estes datos integraranse nun ficheiro responsabilidade da Secretaría Xeral de Emigración e ante quen os interesados poderán exercer aos seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Cuarta.-Formulario normalizado de solicitude.

Como requisito previo para poderen cubrir telematicamente o formulario de solicitude, as persoas interesadas deberán estar inscritos como usuarios no portal da Secretaría Xeral de Emigración <http://www.galiciaaberta.com> onde se indican os pasos que se deben seguir para tal rexistro.

a) Os formularios de solicitude a que se refire a base anterior serán cubertos pola persoa solicitante, unha vez rexistrada como usuaria, necesariamente a través da aplicación informática de matrícula en liña da Secretaría Xeral de Emigración, que poden atopar tamén no enderezo da internet <http://www.galiciaaberta.com>.

b) Para cubrir correctamente os formularios da solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes.

c) Os formularios poderán ser obtidos e cubertos ata as 14.00 horas da data de finalización dos prazos de presentación de solicitudes.

d) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral de Emigración a través do número de teléfono 981 95 71 59, fax 981 95 73 99 ou tamén a través do portal web oficial desta secretaria xeral (<http://www.galiciaaberta.com/>), na súa epígrafe de liñas de axuda, onde está dispoñible unha caixa de correo de dúbidas habilitada para o efecto.

O número total de solicitudes que se poderán facer e validar telematicamente para cada curso, serán tantas como prazas convocadas para cada un, máis unha porcentaxe do cincuenta por cento destas correspondente ás reservas. Unha vez completadas validamente este número de solicitudes, a propia aplicación informática de matrícula en liña da Secretaría Xeral de Emigración referida anteriormente, avisará desta circunstancia e non permitirá efectuar novas matrículas.

Quinta.-Procedemento e criterios de selección.

1. Para a selección dos participantes nos cursos programados crearase unha comisión, que ademais será órgano instructor, presidida polo subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, ou persoa en que delegue, e composta polo xefe do Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas e un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

2. Os solicitantes serán seleccionados para cada curso segundo os seguintes criterios:

-En primeiro lugar, terase en conta a data, hora e minuto en que o alumno realizou a súa matrícula a

través da páxina web, tendo prioridade as persoas que a realizasen en primeiro lugar.

-No caso de empate, este desfarase pola orde alfabética dos apelidos dos solicitantes, empezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra V segundo o sorteo que tivo lugar en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia cuxo resultado foi feito público por Resolución do 29 de xaneiro de 2008 (DOG nº 25 do martes 5 de febreiro).

Sexta.-Publicación das relacións das persoas seleccionadas.

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes e documentación reúnen os requisitos establecidos nas correspondentes bases, elaboraranse as listas provisionais. Nestas listas provisionais faranse constar para cada curso as persoas admitidas que teñan a documentación completa, as persoas que presenten a documentación incompleta (indicando a documentación pendente de presentar) e as persoas excluídas (indicando a causa de exclusión). Así mesmo, establecerase o número correspondente de reservas por curso.

Estas listas serán publicadas, no prazo máximo de 45 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración www.galiciaaberta.com.

2. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao desta publicación na páxina web www.galiciaaberta.com para formular as alegacións que consideren oportunas e para a emenda da solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión ou presenten a documentación requirida, consideraranse desistidos da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Realizado este trámite, a comisión elevará a proposta definitiva de admitidos (co número correspondente de reservas) e excluídos ao secretario xeral de Emigración. A Secretaría Xeral de Emigración ditará resolución coa relación definitiva de admitidos, reservas e excluídos, que se publicará na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración www.galiciaaberta.com.

Ademais, para unha maior difusión serán informados da súa selección a través do correo electrónico os solicitantes que faciliten os seus enderezos electrónicos na solicitude.

3. As prazas que non sexan cubertas serán ofertadas aos correspondentes reservas seguindo a súa orde de prelación.

4. Contra esta resolución, que será definitiva en vía administrativa, caberá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación, no caso de resolucións expresas, ou no

prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, ou no de seis meses no caso de silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima.-*Certificados.*

Para poder superar os cursos de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

a) Adecuada realización das actividades que o titor ou a titora propoña. Estas deben constar como aprobadas nos prazos que estipulen as titorías.

b) Lectura detallada dos contidos do curso. Cada curso ten uns contidos teóricos que deben ser revísados na plataforma. En cada curso estimarase un tempo mínimo que será comunicado polas titorías ao seu inicio.

c) Superar unha avaliación continuada do seu desempeño no curso.

A aqueles alumnos que superen a avaliación e cumpran os demais requisitos sinalados con anterioridade se lles expedirá un diploma acreditativo.

Oitava.-*Facultades da Secretaría Xeral de Emigración.*

1. A Secretaría Xeral de Emigración resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña exixido por circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emigración prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das accións queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos non acade o número mínimo exixido das prazas convocadas, a Secretaría Xeral de Emigración resérvase o dereito a suspender, cancelar, agrupar varias edicións das actividades ou abrir un novo prazo de solicitudes, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A Secretaría Xeral de Emigración poderá modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir.

ANEXO II

Temática e duración dos cursos

Os cursos terán unha duración equivalente en horas lectivas de entre 25 e 30 horas e impartiranse cada un deles nun período mínimo de 8 semanas e máximo de 10 semanas.

Curso	Número prazas
Word básico	60
Xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Subvencións e axudas públicas	60
Novas tecnoloxías (Tic)	60
Deseño gráfico	60
Educación para a cidadanía	60
Políticas sociais para a igualdade de xénero e accións positivas	60

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 30 de setembro de 2008 pola que se modifica o artigo 14 da Orde do 24 de xuño (Diario Oficial de Galicia do 4 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras para a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as entidades colaboradoras para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2008 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos.

Pola Orde do 24 de xuño de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as entidades colaboradoras para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e procedeuse á convocatoria para o ano 2008 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos.

No artigo 14 da devandita orde establécese que o pagamento das axudas atenderá, con cargo aos ornamientos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dentro da vixencia da orde, os proxectos xustificados convenientemente antes do 30 de outubro de 2008. Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas, e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o referido artigo, polo que:

DISPOÑO:

A modificación, no referente ao prazo de presentación da documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, do artigo 14 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as entidades colaborado-